

RESOLUCIÓN DA OFICIALÍA MAIOR PARA A COBERTURA EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO POSTO DE XEFE DO SERVIZO DE ASISTENCIA PARLAMENTARIA

Convocada a comisión de servizos para cubrir o posto de Xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, unha vez analizados os currículos presentados e visto o informe de valoración emitido polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, en uso das atribucións que me confiren o artigo 32.1.a) do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear en comisión de servizos, por prazo de un ano, para o desempeño do posto de Xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, á funcionaria de carreira do Parlamento de Galicia D^a María Rosa Buceta López, con NIF ***3892**.

Á funcionaria en comisión de servizos reservaráselle o posto de traballo e percibirá a totalidade das súas retribucións con cargo aos créditos incluídos nos programas en que figure dotado o posto de traballo que realmente desempeñe.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución á persoa interesada, indicándolle que deberá tomar posesión do posto no prazo de tres días.

TERCEIRO. Publicar esta resolución na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, á data da sinatura.

O letrado oficial maior.

Xosé Antón
Sarmiento
Mendez, Letrado
Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.04.17 09:58:48 +02'00'